

NOVIDADE EDITORIAL  
OUTONO 2016

**alvarellos**  
EDITORA

## A historia do Banquete de Conxo e do bosque que fascinou a Rosalía de Castro

Por vez primeira, una publicación aborda, de maneira monográfica, a historia do célebre Banquete de Conxo de 1856. Catro autores escriben sobre este histórico acontecemento e o espazo que o acolleu, nun novo volume de Alvarellos Editora en colaboración co Consorcio de Santiago.

SANTIAGO, OUTONO, 2016.- O bosque e o río que fascinaron a Rosalía de Castro. O histórico mosteiro que visitou García Lorca en 1916. O soto que versou, na bruma do século XIII, o trobador Joam Airas. A devoción dos peregrinos pola Virxe da Cuncha...

Todos estes feitos figuran concentrados nun espazo concreto ao sur de

Compostela: a esquecida carballeira do Banquete de Conxo. Nela, un domingo 2 de marzo de 1856, vivírase un feito insólito: a celebración dun banquete democrático onde brindaron xuntos, pola liberdade e a fraternidade, estudantes e obreiros. De aquí xurdirá a xeración que logo vai promover o Rexurdimento da cultura galega.

O libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*, publicado por Alvarellos Editora (en colaboración co Consorcio de Santiago), percorre aquel espazo mítico no actual barrio de Conxo. Un paseo —ilustrado con 60 imaxes entre fotografías actuais e históricas, debuxos, e un gran plano xeral de situación— polas voces e os nomes que o alimentaron, e polo bosque que aínda vive nel. Porque neste terreo, nas marxes do río Sar, resiste unha fraga onde se erguen, posiblemente, os últimos carballos centenarios do Banquete de Conxo, testemuñas vivas de acontecementos únicos na historia de Galicia.



FICHA TÉCNICA: 156 pp | 13 x 23 cms.  
ISBN 978-84-16460-12-0 | PVP: 18 €

## CATRO AUTORES

Catro autores abordan, dun xeito transversal, a historia e o espazo do Banquete de Conxo. O xornalista e editor **Henrique Alvarellos** realiza, á parte da coordinación desta edición, unha singular crónica a través de aspectos moi pouco coñecidos ou pouco divulgados de Conxo, do seu esquecido bosque, e do seu Banquete, como foi a presenza no Mosteiro en 1916 de Federico García Lorca, a homenaxe ao Banquete que tributou a colectividade galega exiliada e emigrada a América en 1956, ou a firme denuncia que faría Rosalía de Castro en 1882 despois da tala masiva de carballos.

O filólogo e especialista no Rexurdimento, **Xurxo Martínez González**, revela as claves, o contexto político e cultural, do Banquete. O historiador **Francisco Singul** descúbrenos as orixes do Mosteiro de Conxo, en cuxa finca desamortizada se celebrou o acto, deténdose na súa vinculación co Camiño Portugués a Santiago e co culto centenario á Virxe da Cuncha. E, finalmente, o biólogo **Martín Souto** lévanos a percorrer o bosque que aínda resiste pé do río Sar, analizando e medindo as árbores centenarias.

**Henrique Alvarellos** (Lugo, 1968). Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago e Posgrao en Comunicación pola Universidade da Coruña. Autor de varios libros, xornalista e editor. Dirixe Alvarellos Editora dende 2004.

**Xurxo Martínez González** (Coia-Vigo, 1984). Doutor en Filoloxía Galega pola Universidade de Vigo. Escritor e investigador. É especialista no Rexurdimento do século XIX, sobre o que leva escrito numerosos traballos e impartido seminarios e conferencias.

**Francisco Singul** (Vilagarcía de Arousa, 1963). Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago, especialista en arte barroca e no Camiño de Santiago. É autor de varios libros e traballa como comisario de exposicións.

**Martín Souto** (Ponteceso, 1980). Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago. É un dos autores da *Guía verde de Santiago* (2010). Un botánico con amplos coñecementos da flora e bosques de Compostela.

- Contacto cos autores: Quique Alvarellos 609908852, Xurxo Martínez 659117438, Paco Singul 628867007, Martín Souto 628067460.
  - Contacto coa Editorial: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) | 981 522 137
- + info e mostra interior do libro, en: [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)


### Aparece o terceiro 'Brindis' do Banquete de Conxo de 1856, o que pronunciou Luis Rodríguez Seoane

Críase perdido. Foi localizado en decembro na Biblioteca Nacional de España poucos días despois de que fose publicado o libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos Editora/Consortio de Santiago).

Trátase dunha volla voandeira que Alvarellos Editora e o Consortio de Santiago reproducirán en formato facsimilar para incluír como separata do ensaio editado en decembro.

SANTIAGO, 13 DE XANEIRO DE 2017.- Apenas unha semana despois de saír publicado, a comezos do pasado decembro, o libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo* (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago), apareceu un documento histórico que se cría perdido: o "Brindis" que pronunciou no histórico Banquete, aquel domingo 2 de marzo de 1856, o estudante de Medicina Luis Rodríguez Seoane. A localización deste documento foi posible grazas ás xestións dos filólogos Damián Suárez e Xurxo Martínez González, este último é precisamente un dos coautores de *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*.

Ata hoxe coñecíanse os outros dos brindes pronunciados baixo a carballeira de Conxo, os dos poetas Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal (recollidos íntegros na devantida publicación sobre aquel acontecemento), pero críase perdido, mesmo inexistente, o do terceiro dos organizadores daquel evento, o de Luis Rodríguez Seoane.



Folla voandeira co "Brindis" de Rodríguez Seoane tal e como se conserva na Biblioteca Nacional de España. (Arquivo Gráfico de Alvarellos Editora).

O documento atopado agora na Biblioteca Nacional permítenos completar entón os tres pronunciamentos feitos naquel insólito acto que convocou nunha mesma mesa a estudantes e artesáns.

O brinde de Rodríguez Seoane está impreso como unha folla voandeira, en formato folio, saída do prelo do compostelán Manuel Otero (quen tamén imprimira o 'Brindis' de Aurelio Aguirre), un formato destinado para a súa difusión, de man en man, pola cidade.

O filólogo Xurxo Martínez sinala que "estamos ante un suceso histórico porque restituímos a tríade de Conxo. Coa recuperación do texto de Rodríguez Seoane podemos recrear de maneira completa, 161 anos despois, o apartado dedicado aos brindes políticos do Banquete de Conxo".

"Este texto de Rodríguez Seoane foi unha peza cobizada por varias xeracións de investigadores. Hoxe, por fin, podemos lelo, recitalo e difundilo de maneira íntegra. A descuberta supón un fito destacado para a historia galega".

"O brinde concorda nas liñas democráticas de Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre. Isto reforza a tese (bastante sólida) de que o Banquete de Conxo foi un acto organizado, no fundamental, polo Partido Demócrata. Algúns dos versos poderían formar parte da Internacional socialista".

Alvarellos Editora prepara unha edición facsimilar deste documento. Coa colaboración do Consorcio de Santiago incluírá como separata no libro *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*.

**Luís Rodríguez Seoane** (Pontevedra, 1836 - Santiago, 1902) estudaba para médico en Compostela no tempo do Banquete de Conxo. Chegaría a ser catedrático de Terapéutica, e Reitor da USC, á parte de político (progresista moderado) escritor e xornalista.

- Contacto con Xurxo Martínez 659117438.
- Contacto coa Editorial: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) | 981 522 137